



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

### **Data e hora de celebración**

30 de abril de 2019 ás 10:30:00

### **Lugar de celebración**

Sala de Xuntas da Casa do Concello

### **Asistentes**

Preside: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Varela Neira, 1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde.

Vocais.:

- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández
- D. Marcos Veiga Rodríguez.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
- D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.

Secretario da Mesa: D. Iago A. López Álvarez.

Están tamén presente como técnicos asistentes:

- D. Teresa Guerra Fernández, educadora familiar

### **Orden do día**

- 1.- 2019/CONTRAT/000032 - “Aluguer de vehículos lixeiros”
- 2.- 2019/CONTRAT/000022 - “Subministración de inodoros químicos en praias e zonas públicas”
- 3.- 2019/CONTRAT/000014 - “Limpeza das escolas infantís “A Pardela”, “As Galeras”, “A Canteira” e “A Braña” 2019-2020”

### **EXPONSE:**

#### **1.- 2019/CONTRAT/000032 - “ALUGUER DE VEHÍCULOS LIXEIROS”**

Por decreto de alcaldía nº 2019001358 de 8 de abril de 2019, aprobose o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado, da subministración denominada “Aluguer de vehículos lixeiros”.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 9 de abril do 2019.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

Rematado o día 24 de abril do 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que non se presentou ningunha.

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, proponlle ao órgano de contratación:

*Primeiro e único.- Declarar deserta esta licitación ao non terse presentado licitadores.*

## **2.- 2019/CONTRAT/000022 - "SUBMINISTRACIÓN DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS"**

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 10 de abril de 2019, unha vez abertos os sobres "Únicos" desta licitación, detectou que a oferta presentada pola empresa "SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L." incorría en situación de oferta anormalmente baixa e concedeu un prazo de cinco días hábiles para que a xustificara.

"SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L." presenta o día 22 de abril de 2019, dentro do prazo concedido, a documentación que considera oportuna xustificando a súa oferta, documentación que consta no expediente e que é remitida aos servizos técnicos para a emisión de informe ao respecto.

Así, neste intre, en acto público, a Mesa da conta do informe emitido; informe que consta no expediente e cuxa valoración final se transcribe a continuación:

".../..."

Analizados os custos aportados, o que asina o presente entende xustificada a viabilidade económica da súa proposta Polo que se propón:

Se teña por xustificada a baixa e por ende a oferta económica achegada por Suministros Generales Manufacturados, S.L. CIF B15009681, en relación ao Expediente: 2019/CONTRAT/000022

.../..."

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A Mesa, en consecuencia, toma coñecemento do informe emitido e, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

*Primeiro e único.- Considerar xustificada a oferta económica realizada pola empresa "SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L." e, polo tanto, admitila a esta licitación.*

A continuación, continuando co acto público, procédese á valoración dos criterios de valoración obxectivos contidos nos sobres únicos admitidos a esta licitación.

Así, de acordo as ofertas presentadas e o baremos de puntuacións establecido no Prego, resultan as seguintes valoracións:





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

Licitador/Criterio	Oferta económica (sen IVE)	Ponderación: 10.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 10.0 (puntos)	Adscrición de equipos de traballo para a tempada de verán	Ponderación: 4.0, Mínimo: 0.0, Máximo: 4.0 (puntos)
<b>TORNEIRO MAQUICORUÑA - A15943863</b>	36000.0	0.0	Non oferta equipos a maiores	0.0
<b>SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L. - B15009681</b>	28000.0	9.17	Dous equipos a maiores (tres en total)	2.0

De acordo coa avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de xeito decrecente de puntuación:

Nº DE ORDE	Licitador	Puntuación criterios sobre único
1	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L.	11,17.-
2	TORNEIRO MAQUICORUÑA	00,00.-

E a Mesa de Contratación, vistas as puntuacións obtidas, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** *Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato denominado "SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO DE INODOROS QUÍMICOS EN PRAIAS E ZONAS PÚBLICAS" á empresa "SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS, S.L." por un importe de 28.000,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.*





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**3.- 2019/CONTRAT/000014 - "LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS "A PARDELA", "AS GALERAS", "A CANTEIRA" E "A BRAÑA" 2019-2020"**

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 23 de abril de 2019 procedeu á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 2 desta licitación denominados "Proposta suxeita a avaliación previa" e acordou remitilos a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación.

Procedería que a Mesa tomase coñecemento do informe elaborado ao respecto e realizase, se é o caso, a apertura da documentación contida nos sobres nº 3 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior"

Así, en acto público ao que asiste Diego Tenreiro, en representación da empresa "Acciona Facility Services, S.A.", procédese a tomar coñecemento do informe emitido polos servizos técnicos con respecto aos sobres nº 2.

Transcríbese, a continuación, un resumo das puntuacións obtidas:

".../..."

EMPRESA	PUNTUACIÓN
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A.	2,30
INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L.	4,70
MAGA LIMPIEZAS, S.L.	6,50
SACYR FACILITIES, S.A.	6,85
LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L.U.	8,75

.../..."

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, á vista das puntuacións obtidas polas empresas, e tendo en conta a puntuación mínima esixible no prego para pasar á seguinte fase (4,50 puntos), adopta o seguinte acordo:

*\*) Excluir desta licitación a "ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A." por non acadar a puntuación mínima esixible para pasar á segunda fase, de conformidade co establecido no anexo XI, apartado "exclusións" do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Procedese, a continuación, á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 3 daquelas empresas que foron admitidas, resultando que se presentaron as seguintes ofertas coas conseguíntes puntuacións:

Licitador/Criterio	Oferta económica (prezo servizo/hora) Sen IVE	Ponderacion:
MAGA LIMPIEZAS, S.L.	13.97 €/hora	9.0
SACYR FACILITIES, S.A.	14.15 €/hora	7.0
INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L.	12.75 €/hora	9.0
LIMPIEZAS SAN FROILÁN, S.L.U.	13.97 €/ hora	9.0





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

Obtida a avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de xeito decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

<i>Licitador</i>	<i>Puntuación criterios xuízos de valor</i>	<i>Puntuación criterios avaliables automaticamente</i>	<i>PT TOTAL</i>	<i>Orden</i>
<i>Limpiezas San Froilan S.L.U.</i>	8,75	9,00	17,75	1
<i>Maga Limpiezas, S.L.</i>	6,50	9,00	15,50	2
<i>Sacyr Facilities, S.A.</i>	6,85	7,00	13,85	3
<i>Instituto Minusválido Astur, S.A.L.</i>	4,70	9,00	13,70	4

A Mesa fai constar que a oferta económica presentada por INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. incorreu en presunción de temeridade. Sen embargo, non estando a súa oferta entre as tres con mellor valoración final, nin influír a admisión ou exclusión da mesma na puntuación das demais ofertas, non se considera necesario requirirlle á xustificación de baixa temeraria.

E a Mesa de Contratación, vistas as puntuacións obtidas, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro e único.-** *Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "LIMPEZA DAS ESCOLAS INFANTÍS "A PARDELA", "AS GALERAS", "A CANTEIRA" E "A BRAÑA" 2019-2020" á empresa "LIMPIEZAS SAN FROILAN S.L.U." polo prezo hora que se cita a continuación; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada:*

	<b>PREZO/HORA</b>
A. IMPORTE SEN IVE	13,966302 €
B. IVE (21%)	2,932923 €
C. TOTAL (A+B)	16,899225 €

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e prace do Presidente/a:

D./D<sup>a</sup>. Iago A. López Álvarez  
SECRETARIO/A

D./D<sup>a</sup>. Maria José Varela Neira  
PRESIDENTE/A

